

## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000008

### ACTA Nº 2019/8 SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO , XOVES 4 DE XULLO DE 2019 -

No día de hoxe, ás 19:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

Benigno Galego Castro

**ASISTEN:**

Marina Tojeiro Martinez , Rocio Martinez Martinez , Cándido Eusebio Prieto Lago , David Prada Aneiros , Patricia Santalla Pérez , Cristian Carrodegua Graña , Alberto Javier Rey Paz , Maria Amalia Díaz Rodriguez

**AUSENCIAS:**Ningunha


**SECRETARIA-INTERVENTORA:** Paula Díaz Tie

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

#### ORDE DO DÍA

**1. Periodicidade dos plenos .** Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte:A necesidade de establecer a periodicidade das sesións ordinarias do pleno, en cumprimento do disposto no artigo 38 e 78 do Regulamento de Organización,Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais e o artigo 210 da Lei 5/1997 de Administración local de Galicia, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte **ACORDO: PRIMEIRO:** Establecer con carácter bimensual a periodicidade das sesións ordinarias do pleno do concello, sesións que se realizarán nos últimos quince días de cada mes par, agás no mes de decembro que se celebrará nos últimos vinte días do referido mes, polo que se celebraran plenos ordinarios os meses de febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro. Os **membros dos pleno asistentes, por unanimidade , aprobaron a proposta anterior**

**2. Nomeamento dos representantes da corporación en órganos colexiados .** Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Logo da sesión de constitución do pleno do concello o pasado día quince de xuño de 2019 cómpre nomear os representantes do concello nos órganos colexiados do que sexa competente o pleno do concello, por todo isto esta alcaldía propón a adopción do presente **ACORDO: Primeiro:** Nomear como representante do concello no Consello Escolar do CEIP A



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es


exp. 2019/G010/000008

Barqueira a Patricia Santalla Pérez suplente Benigno Galego Castro. Segundo: Comunicar á dirección do CEIP A Barqueira a adopción deste acordo. Os **membros dos pleno asistentes, por unanimidade , aprobaron a proposta anterior**

**3. Creacion da comisión informativa de contas . Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte :**Ante a obrigatoriedade de creación da Comisión especial de contas e considerando as comisións de estudo, informe e consulta como órganos complementarios da organización municipal e de creación potestativa para os concellos de menos de cinco mil habitantes, e atendendo o disposto nos artigos 119 e seguintes do Regulamento de Organización e Réxime Xurídico das Entidades locais e os artigos 59,68 e 212 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:**Primeiro: Crear a Comisión Especial de Contas**, o número dos seus membros será proporcional á representatividade no concello polo que a comisión estará composta por un número de tres membros correspondéndolle dous compoñentes o grupo municipal do PSOE, e un membros ó PP. A sesión ordinaria da comisión terá carácter anual e reunirse os dez últimos días do mes de abril, para o exame, o estudo e o informe da conta xeral do concello. Os **membros dos pleno asistentes, por unanimidade , aprobaron a proposta anterior**

**4.Recoñecemento de dedicación exclusiva e fixación das retribucións correspondentes .** Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte:Dada a necesaria presenza da alcaldía para atender as responsabilidades e tarefas propias do cargo e atendendo o disposto no artigo 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local , e o artigo 13 do Real Decreto 1372/1986 de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais esta alcaldía propón ó pleno do concello a seguinte proposta:**Primeiro:** A retribución por dedicación exclusiva do cargo da alcaldía ascenderán a un total de 2600,00€ brutos mensual . Haberá dúas pagas extraordinarias , unha no mes de xuño e outra no mes de decembro polo importe dunha mensualidade que se devengaran de acordo coa normativa dos empregados públicos .Estas retribucións terán o seu incremento anual no mesmo porcentaxe que corresponda ós funcionarios deste Concello. Segundo: As retribucións percibidas serán incompatibles con calquera retribución con cargo ós presupostos das Administracións públicas e excluirá a percepción que se sinala para os membros da corporación por asistencias ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte. **Os membros do pleno por maioría dos asistente , prestou aprobación a proposta anterior .** Sete votos a favor dos concelleiros D<sup>a</sup> Marina Tojeiro Martinez , D<sup>a</sup> Rocio Martinez Martinez , D Cándido Eusebio Prieto Lago , D. David Prada Aneiros , D<sup>a</sup>Patricia Santalla Pérez ,D. Cristian Carrodegua Graña , e o voto do Sr. Alcalde e dúas abastencións dos concelleiros D Alberto Javier Rey Paz , D<sup>a</sup>Maria Amalia Díaz Rodriguez

**5.-Adhesión a Central de Contratación da FEMP .** Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte:Antecedentes admsintrativos. Primeiro: A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto na Disposición Adicional Quinta



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000008

da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. A Central de Contratación da FEMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Segundo: O Concello de Cerdido está interesado na utilización da Central de Contratación creada pola FEMP o que conlevará unha maior axilidade administrativa na tramitación nos expedientes de contratación

En consecuencia, tendo en conta o disposto no artigo 228 da referida Lei 9/2017 e sendo de interese para esta Entidade a utilización da Central de Contratación da FEMP, esta Alcaldía propón ao Pleno como órgano competente do Concello de Cerdido a adopción do seguinte acordo :Primeiro- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dicha central e as empresas adjudicatarias dos mesmos. **Segundo.-** Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais. **Terceiro .-** Remitir o presente Acordo á Federación Española de Municipios e Provincias para os efectos oportunos. Os **membros dos pleno asistentes, por unanimidade , aprobaron a proposta anterior**

**6. Dar conta dos nomeamentos de tenentes alcaldes e delegacións da Alcaldía .** A Alcaldía o día 17/06/2019 aprobou o Decreto 108/2019 que se copia deseguido : **Antecedentes administrativo .**Pleno do día 15.06.2019 ,de Constitución da nova corporación elixida tras as eleccións municipais do día 26 de maio de 2019.Lexislación **aplicable .Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,s artigos 21.2.Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais,( RXOFEL ) .RESOLVO:PRIMEIRO.** Designar como Tenentes de Alcaldes do Concello de Cerdido aos seguintes Concelleiros

1º Tenente -alcalde Marina Tojeiro Martínez


2º Tenente -alcalde Rocío Martínez Martínez

3ª Tenente-alcalde Cándido Prieto Lago

Aos tenentes de alcalde nomeados, logo de aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto a tales, substituír o alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite este para o exercicio dos seus atribucións

**SEGUNDO.** Establecer as seguintes delegacións xenéricas referiranse a unha ou varias áreas ou materias determinadas, e poderán abarcar tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Marina Tojeiro Martínez como Concelleira de servizos sociais , Benestar Social e Igualdade,  
Rocío Martínez Martínez como Concelleira de Cultura



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000008

Cándido Prieto Lago como Concelleiro de Turismo , Facenda e Promoción Económica

**TERCEIRO** :Establecer como delegacións específicas relativas a un determinado servizo. Esta delegación comprenderá a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non poderá incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

David Prada Aneiro como concelleiro de deportes e medio ambiente

Patricia Santalla Perez como concelleira de ensino e formación

Cristian Carrodegas como concelleiro de Mocidade e Festexos .

**TERCEIRO.** Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución de nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación neste, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da firma da resolución polo Alcalde.

**CUARTO.** Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que celebre.

**7.- Dar conta de constitución dos Grupos Políticos Municipais .**O día 18.06.2019 e o día 19.06.2019 mediante escrito dirixido a Alcaldía , déronse conta da constitución dos seguintes grupos políticos municipais :

1.- Grupo Político do Partido Popular constituído por D. Maria Amalia Diaz Rodriguez como substituta de voceiro e D. Alberto J. Rey Paz como voceiro

2.- Grupo Político do Partido Socialista de Galicia -PSOE constituído por D. Benigno Galego Castro , D Candido Eusebio Prieto Lago como voceiro , D<sup>a</sup> Rocio Martinez Martinez como substituta de voceiro e por D<sup>a</sup>Marina Martinez Tojeiro , D .David Prada Aneiros , D<sup>a</sup> Patricia Santalla Pérez e D. Cristian Carrodegas Graña

Ás 19:10 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Cerdido ,5 de xullo de 2019

A secretaria-interventora : Paula Díaz Tie

O alcalde, Benigno Galego Castro